

## GRABAR CON MÓBIL

### CONFIGURADE O TELÉFONO

- Configurate o modo de grabación de vídeo en 1080p e 30fps  
1920x1080 é a proporción en HD 25 ou 30 fps son os frames por segundo.  
Grabade a 4K so se queredes recortar despois planos, pero tede en conta que estes arquivos ocupan moito espazo e ralentizarán a edición.  
Gravade a 60 ou 120fps so se queredes despois facer cámaras lentas.
- Tede espazo disponible no teléfono: 10 minutos de vídeo poden ocupar 1GB

### GRABADE CON BOA LUZ E ENFOCANDO

- Escollede lugares luminosos, normalmente os móbiles meten mal con pouca luz.
- Que a fonte de luz principal nunca estea detrás da acción para evitar contraluces.
- Se hai esceas a escuras asegurádevos de que o móbil non mete luz artificial
- Recordade que podedes cambiar o nivel de luz tocando na pantalla, ás veces hai que correxir despois de darlle a grabar.
- A luz das fiestras, un flexo de contra... que a luz tamén debuxe a historia!
- O autofocus das cámaras funciona ben pero se hai acción móvese. Podes bloquear o foco antes de grabar tocando na pantalla no punto que queiras que estea enfocado. Ten en conta que tamén mide a luz nese punto.

### O AUDIO É O TEU RETO

- Se hai diálogos ou entrevistas o teléfono ten que estar PRETO de quen fala para que o audio sexa nítido. Como moito a cinco palmos da cara. Valora utilizar o micro dos cascos se o plano é moi curto.
- Se non podes achegar os protagonistas á cámara podes grabar o audio con outro móbil escondendo un pouco o micro dos cascos, pero despois terás que sincronizar.
- Evita exteriores, parecen silenciosos pero non o son
- Fai sempre probas de audio antes de lanzarte a grabar, escoitando a proba con cascos (cambia bastante o conto).

### ENCADRA A HISTORIA

- Se facedes a vosa historia en vertical tede en conta que se vai a proxectar en pantallas apaisadas cun enorme negro arredor. O consello, gravade en horizontal, de momento o mundo éche así.
- Os planos movidos son sempre unha mala idea. No móbil vense guai pero nunha pantalla grande non dan a talla. Sempre que podas ponte quieto! apóiate ou fai un [trípode caseiro](#).
- Cos móbiles téndese a grabar contrapicado, a non ser que queiras dar esa intención (normalmente inquietante) coloca o plano á altura da cara dos protas.
- Nunca utilices o zoom da cámara. Se podes achégate.
- Ten en conta que todo o que está en plano mírase despois (si, move a barredura se non queres que saia)
- Se nos grabamos a nós mesmos podemos empregar a cámara frontal para colocar o plano pero a grabación debemos facela coa cámara traseira.

## EDITAR

- Se non o sabedes xa, averiguade como descargar os arquivos ó ordenador
- Se montades dende o móbil tede en conta que algúns programas dixiren os arquivos para facer a montaxe final e non conservan os brutos. Descargádeos antes nun ordenador por se os perdedes, que habelas hailas
- Para montar con Android funciona ben Adobe Clip
- Para montar con PC funciona ben Davinci
- Se tedes Iphone ou Mac o Imovie é gratuito para vós
- Editar leva tempo, o voso mellor amigo é Youtube, cheíño de tutoriais, pero en xeral é como un puzzle de dúas pistas, a de vídeo e a de audio.
- Nos abusedes dos grafismos, os efectos de cor e as transicións. Moitas veces consumen moito tempo de edición e aportan máis ben pouco.
- A tentación de usar plantillas está aí. Vantaxe: é rápido. Desvantaxe: é cansino

## TEDES A HISTORIA?

- E agora que xa sabes como resolver a parte técnica adícalle tempo á historia debuxando a secuencia de planos nun folio, aínda que sexa moi esquemática
- Podedes facer un diario visual, entrevistas, ficcións... Aproveitade que estades cos vosos avós na casa, que tedes fotos, que podedes usar cousas de archive.org e e en xeral, que o mundo semella estar colapsando, para ser creativos.
- Cousas chulas para fisgar e inspirarnos:
  - [Cuarentena Film Festival](#) no Instagram. Happening right now!
  - [Notodofilfest](#) tedes curtas para aburrir, moitas feitas nunha única localización
  - [Circular](#) e en xeral calquer formato de Playz
  - [Carballo Interplay](#). No palmarés deste festival podedes atopar inspiración.
- Dous exemplos de curtas gravadas íntegramente co móbil
  - [SANSÁ](#)
  - [GUITIRIZ 2050](#)

## GRABAR ENTREVISTAS CON MÓBIL

### CONFIGURACIÓN DO TELÉFONO

- Configurade o modo de grabación de vídeo en 1920x1080 (proporcion e calidade). Si vos da opción de velocidade poñede 25 ou 30 fps (frames por segundo)
- Tede espazo disponible no teléfono: 10 minutos de vídeo poden ocupar 1GB

### SET DE GRABACIÓN Y TRÍPODE

- Escollede un lugar silencioso para grabar e moi luminoso. Que a fonte de luz principal nunca estea detrás da acción para evitar contraluces. Evitar exteriores, parecen silenciosos pero non o son.
- Utilizar sempre trípode ou apoiar os codos nunha mesa ou sobre o noso corpo para evitar tremores. Podemos facer [trípodes caseros](#) ou apoiar o móbil nun simple vaso.

### COLOCAR O PLANO: ENCUADRE E SON

- O teléfono ten que estar PRETO de quen fala para que o audio audio sexa nítido. Como moito a cinco palmos da cara.
- O plano debe de estar á altura da cara, cos móbiles téndese a grabar contrapicado. Se o entrevistado baixa a cara para falar, o móbil está baixo. Ten que mirar de frente.
- Nunca utilizar o zoom da cámara.
- Tede en conta todo o que está en plano e que pode que non queramos que se vexa.
- Se nos grabamos a nós mesmos podemos empregar a cámara frontal para colocar p plano pero a grabación debemos facela coa cámara trasera e sempre con trípode

### FOCO Y GRABACIÓN

- O autofocus das cámaras funciona ben pero pódese asegurar facendo foco manual: tocando sobre a pantalla onde queremos o enfoque.
- Facer unha mini grabación de proba para comprobar todo: plano, luz, foco e audio.

### DESCARGAR Y ENVIAR EL ARCHIVO

- Seguindo o proceso habitual conectando un cable USB e descargando o arquivo ó voso ordenador
- Outra alternativa é mandalo dende o móbil subíndoo a [wettransfer.com](#) ou a drive e mandando o enlace de descarga ó montador ou a vós mesmos. Facédeo con wifi xa que tardará en subirse.

